



INFORME DE LEGALIDADE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O CENSO DO SOLO EMPRESARIAL DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente proxecto de Decreto da regulación do censo do solo empresarial de Galicia.

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, ten por obxecto o fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia mediante a previsión de medidas que faciliten o desenvolvemento, acceso e xestión do solo empresarial, a mellora da normativa de aplicación a dita implantación e a previsión dos oportunos incentivos, así como a coordinación das actuacións neste campo das diferentes consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos concellos, no marco da competencia exclusiva dela para o fomento e planificación da actividade económica en Galicia.

Co ánimo de axustar a execución de solo empresarial á demanda real existente, a referida Lei, entre outras medidas, no artigo 12 crea o censo de solo empresarial de Galicia como un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial na Comunidade Autónoma.

O censo de solo empresarial de Galicia vén configurado normativamente como un rexistro público de natureza administrativa, no que as persoas promotoras das áreas empresariais deben inscribilas obrigatoriamente.

2. Marco normativo e competencial

Conforme cos principios reitores establecidos nos artigos 47 e 148.1.3º e 13º da Constitución española, o artigo 27.3 do Estatuto de autonomía para Galicia atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia da regulamentación do solo para o fomento do desenvolvemento económico de acordo co interese xeral.





Correspóndelle á consellería competente en materia de vivenda e solo, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), no marco do establecido na Lei 3/1988, de 27 de abril, de creación do referido instituto e consonte coa súa estrutura orgánica, aprobada polo Decreto 97/2014, do 24 de xullo, a proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación, planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.

3. Principios de boa regulación

De acordo co artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a adecuación os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia xustifícase na memoria xustificativa do presente proxecto de decreto.

Así mesmo, obsérvase o cumprimento do resto do mandato contido no artigo 129 da Lei 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a xustificación da necesidade normativa e os fins perseguidos figuran na memoria xustificativa.
- O proxecto respecta a lexislación básica comunitaria e estatal na materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

4. Estrutura do proxecto normativo

O decreto estrutúrase en vinte e tres artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, “Disposicións xerais”, regula o obxecto, a finalidade e o ámbito obxectivo e subxectivo e define que se debe entender por área empresarial.





O capítulo II, “Organización do censo e procedemento de inscrición”, recolle a estrutura do censo de solo empresarial de Galicia e o procedemento de inscrición e de modificación.

Baixo a rúbrica “Acceso ao censo” do capítulo III, regúlase a obtención polas persoas interesadas da información derivada da inscrición das áreas empresariais no censo.

Por último, o Capítulo IV inclúe o réxime sancionador por incumprimento da obriga de non inscrición no rexistro, o que supón unha infracción leve sancionada con multa de 1000-10.000 €

As disposicións adicionais conteñen previsións en relación coa protección de datos persoais e a actualización dos formularios que figuran como anexos á orde. A disposición transitoria primeira establece o prazo para a inscrición das áreas empresariais en funcionamento e a disposición transitoria segunda posibilita a incorporación automática ao censo da información das áreas empresariais xa dispoñibles polas sociedades Xestión do Solo de Galicia, S.A. e Solo Empresarial do Atlántico, S.A. As dúas disposicións derradeiras refírense, respectivamente, as facultades para a execución da orde e a súa entrada en vigor.

5. Tramitación

O proxecto de decreto tramitase se conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

No expediente conséntase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes á fase inicial da tramitación:

- Acordo de inicio (21/02/2019).





- Consulta pública previa no portal da Transparencia do 25/02/2019 o 18/03/2019, non se recibiu ningunha achega.
- Autorización inicio tramitación do Consello da Xunta (23/05/2019).
- Memoria Económico-financeira (09/04/2019).
- Informe complementario da memoria económico-financeira (09/10/2019).
- Memoria Xustificativa (09/04/2019).
- Táboa de Vixencias (09/04/2019).
- Aprobación Inicial (10/04/2019).

Na fase intermedia da tramitación foi sometido a os seguintes trámites:

- Trámite de audiencia e Información pública a determinadas administracións, corporacións ou entidades.
 - Trámite de Audiencia (04/06/2019), cun prazo de quince días.
 - Información pública e transparencia (07/06/2019-27/06/2019). DOGA do 06/06/2019.
- Informe sobre os trámites de consulta pública e audiencia, no que se analizan as alegacións presentadas.

Informes e ditames: Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe da Dirección Xeral da Función Pública de 30 de setembro de 2019
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de 3 de setembro de 2019
- Informe da Dirección Xeral competente en materia de orzamentos de 31 de xaneiro de 2020.
- Informe sobre impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 8 de agosto de 2019.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese a o preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 25 de maio do 2020. As





observacións do informe da Asesoría Xurídica foron incorporadas ao texto, de conformidade co informe emitido polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo, do día 03 de xuño do 2020.

A vista do anterior, e unha vez contrastada toda a documentación que consta no expediente, compróbase que a actuación desta Administración, tanto en canto á finalidade da norma como en canto á tramitación do expediente, adecouose aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como esixe o artigo 129.1 da Lei39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. Legalidade

De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, deberá someterse á emisión de ditame polo Consello Consultivo de Galicia.

Trala emisión do ditame preceptivo polo Consello Consultivo, consonte co establecido no artigo 12 c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, ao tratarse dun regulamento de execución dunha lei autonómica, o proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular desta Consellería e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se regula o Censo do solo empresarial de Galicia.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica

(documento asinado dixitalmente)

Carmen Bouso Montero

